



RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 7 días naturais a partir do día seguinte a publicación dos anuncios no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, abranguendo este prazo entre os días 22 e 28 de xullo de 2015.

Os pregos de condicións das autorizacións, constitúen o acto que fixa as regras conforme se outorgan ou denegan as solicitudes de autorizacións, así como se exclúen do procedemento de adxudicación. Neste sentido debe terse en conta que a formulación dunha oferta supón a aceptación incondicionada do prego de condicións.

Na presentación de solicitudes observouse como diversos solicitantes incumpriron o prego de condicións, determinando que se proceda a excluír a estes. Neste sentido o artigo 4 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina sinala de forma clara en caso de non cumprir os requisitos, limitacións e condicionantes establecidos no prego, procederá a exclusión do procedemento de outorgamento destas autorizacións. Entre os motivos de exclusión destacan os seguintes:

a.- Por ofertar un canón ou taxa por posto inferior ao fixado no anexo I do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina. O artigo 3 deste prego sinala que o valor económico das proposicións non poden ser inferiores aos fixados no anexo I e o artigo 6, reitera isto dispoñendo que as taxas non poden ser inferiores as determinadas no anexo I do prego.

b.- Por presentar máis dunha solicitude. O artigo 6 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina, establece que só se pode presentar unha solicitude e sobre por licitador, de tal forma que en caso de presentar varias solicitudes e sobres por varios postos por un mesmo licitador procede a exclusión do procedemento de licitación.

c.- Por presentar unha solicitude de outorgamento de autorización contraditoria ou non concretando o posto ao que opta. As ofertas deben formularse conforme ao prego de forma que non conteña defectos insubsanables como esixe o artigo 6 do prego de das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública



á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina. Non obstante, existen algunhas solicitudes que non concretan o posto a que se opta ou con NIF contraditorios, non estando clara a identidade do ofertante neste último caso ou indicando un posto que non se corresponde coa actividade solicitada e en consecuencia, deben ser excluídas estas ofertas.

O artigo 7 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina, sinala que a concelleira de protección cidadá, servizos e festas, debe ditar unha resolución determinando as solicitudes rexeitadas coas causas de tal rexeitamento.

A vista do exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Excluir do procedemento de outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina durante o ano 2015, as solicitudes que de seguido se especifican polos motivos que se indican:

Nome do solicitante	Causa de exclusión
ALEJANDRA MONTES MOURE	Porque presentou máis dunha solicitude de outorgamento de autorización.
MARIA ANTONIA DIAZ TRAIJOVICH	Porque presentou máis dunha solicitude de outorgamento de autorización.
OUSMANE LEYE	Porque contradícese o NIF que indica no sobre e na instancia.
ABIBOU GUEYE	Porque non concreta o posto que solicita que se outorgue en autorización nin o prezo que oferta.
BINETOU WALY EP TALL	Porque non concreta o posto que solicita que se outorgue en autorización.
SARR ISMAILA	Porque non concreta o posto que solicita que se outorgue en autorización.
MADOU LO	Porque non concreta o posto que solicita que se outorgue en autorización.
CARLOS ALBERTO DA CRUZ FREIRE TABARES	Porque non concreta o posto que solicita que se outorgue en autorización.
AMPARO PARDO BARRIOS	Porque oferta menos canón ou taxa que o fixado no anexo I do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina para o posto que solicita.
RAQUEL MEDINA BERMUDEZ	Porque oferta menos canón ou taxa que o fixado no anexo I do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina para o posto que solicita.



Nome do solicitante	Causa de exclusión
CHEIKH FALLOU DIAW	Porque non existe o posto que solicita que se outorgue en autorización.
ATRACCIONES DE FERIA CAMARERO, S.L.	Porque o posto que solicita que se lle outorgue en autorización contradícese coa actividade que indica na solicitude.

Segundo.- Dispor a publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra e notificarlla aos interesados.

Pontevedra, 31 de xullo de 2015

A CONCELEIRA

María Carme da Silva Méndez

Dou fe, o secretario admon. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

